

## Iron

O meu nome é Iron, e pertenzo á raza canina Golden Retriever. Un día o meu mellor amigo, abandonoume á miña sorte, a pesar de serlle fiel durante anos, como só os da miña especie sabemos selo. Ese mesmo día, atopándome deambulando e desorientado pola beiravía dunha estrada, atropeláronme.

Estando ao bordo da morte, sentín como as súas mans me levantaban do duro asfalto, as mans da miña nova mellor amiga. O meu nome é Iron, pero esta non é a miña historia, é a dela; aínda que serei eu quen vola conte.

De súpeto, espertei sobresaltado e aparvado, sentín que non podía moverme, ela estaba alí, fitándome. O meu instinto dicíame da gran preocupación e da angustia que ela estaba a sentir nese momento. Atopeime nunha acolledora habitación, botado sobre un gran e brando coxín. Comprobei que podía moverme e, aínda que con dificultade, tamén podía manterme sobre as miñas catro patas. Permanecín atento, escoitando os diferentes ruídos, estraños para min, daquel lugar. Entón, o meu olfacto foi invadido por un maravilloso arrecendo que me acompañou o resto dos meus días, o aroma do meu "Anxo". Xusto naquel momento, apareceu Evangeline, e adornando o seu precioso rostro cun gran sorriso, dirixiuse cara a min estendendo os seus delgados brazos, e dicíndome algo que eu non podía entender, pero a eses suaves golpes de voz, acompañounos un maravilloso e reconfortante abrazo, que eu quixen devolverlle da única forma que sei: imprimindo grandes lambetóns nas súas fazulas...

Así, rodeado de todas as comodidades, os coidados e os mimos do meu "Anxo", as miñas feridas foron sanando co paso dos días. A vida para min vovera a converterse nun lugar seguro e feliz, arrastrado por esa corrente de amor na que Evangeline me tiña mergullado. Eu sentíame realmente ditoso, naquelas tardes que pasabamos xunto ao mar, mentres Evangeline corría diante de min para que a perseguise ou xogabamos a ese xogo no que ela lanzaba unha pelota que eu recollía e lle entregaba, e ela voltaba a lanzar.....

Aínda que eu vivía nun continuo estado de felicidade, en ocasión, o meu instinto advertíame de que no interior do meu "Anxo" se albergaba unha escura tristeza; eses días ela permanecía coa mirada perdida ante a venta ou sentada mirando ao baleiro, mentres eu impotente, vía como grosas bágoas escapaban dos seus ollos. O meu canino instinto notaba un gran baleiro no corazón do meu "Anxo", baleiro que eu tentaba encher, quedando quieto, ao seu carón, mentres apoiaba a miña cabeza nas súas longas pernas, coa soa intención de devolverlle o agarimo co que ela enchía de luz os meus días.

A miña feliz existencia, tan só se vía interrompida por dous feitos: Evangeline saía todo os días da casa, e eu quedaba só, triste e impaciente, esperándoa, sempre esperándoa. A forza de repetirse esta situación, comprobei que sempre volvía á noite, co mesmo ritual: o primeiro que escoitaba era o motor do seu coche, despois os seus pasos nas escaleiras e, por último, as chaves na fechadura. Cando, por fin, a porta se abría e Evangeline asomaba a súa bela faciana, eu xa me atopaba saltando de pura ledicia e coa correa de paseo na miña boca. O segundo feito que me perturbaba, era a presenza doutro humano, que ás veces acompañaba ao meu "Anxo". Un tal Rubén. El non escatimaba

en agarimos nin xogos, cando de min se trataba, pero eu podía notar que non era igual con respecto ao meu "Anxo". Con ela, ás veces, era desconsiderado e ruín. O seu comportamento cara a min era afable, pero outra cousa que, unha vez máis, o meu instinto canino me dicía, era que Rubén albergaba un corazón frío e seco para os seus iguais. Eu podía notar o estado de ansiedade que esa situación causaba no meu "Anxo" e cando, por fin, Rubén marchaba, Evangeline quedaba mirando pola venta cos ollos arrasados de bágoas. E eu só podía quedarme ao seu carón, tentando que ela de verdade notase que eu sí a quería, que ela era o único que eu tiña e que realmente necesitaba...

Outras veces a situación aínda era máis penosa se cabe. Había días nos que o comportamento de Rubén para con Evangeline se tornaba agresivo, entón ambos levantaban a voz e eu non sabía que outra cousa podía facer, máis que poñerme fronte a el e ensinalle os dentes, á vez, que deixaba escapar ameazadores gruñidos. Esta situación terminaba comigo pechado nunha habitación, ata que escoitaba un forte portazo, entón Evangeline sacábame do meu encerro, e pasaba o resto do día deitada chorando, e eu só podía permanecer botado xunto a ela, de cando en vez, lambía as súas mans, para así lembrarlle que eu non a deixaba soa.

Unha mañá, Evangeline saíu da casa. Aínda non saíra o sol, e coma sempre que non podía acompañala, quedábame desconsolado, botado tras a ventá, esperando o seu regreso... Fai un intre que xa é noite pechada, e Evangeline non volveu... Espertei de súpeto sobresaltado, xa saíu o sol, e Evangeline segue sen volver, síntome famento, diríxome cara os meus cuncos de alimento, como o penso que queda nun deles, bebo auga do outro. Volvo botarme tras a fiestra. Pasa o día, e eu permanezo atento. Cae a noite de novo e nin rastro do meu "Anxo". Síntome terriblemente só e triste. Evangeline non volve. Estaba sedento, e cando me dirixín ao cunco a beber, estaba baleiro. Entón, tiven que beber a auga do váter (Evangeline enfurecíase cando o facía), nesta ocasión non puiden evitalo. O meu cunco de alimento non foi enchido, estou famento. Estou moi asustado, famento, ansioso...o meu "Anxo" segue sen volver. Esqueceuse de min. A miña tristeza é infinita...Conseguín chegar a uns restos de comida, que había nun caldeiro, tras unha porta. Non cheiraban ben, pero necesito alimento... Espertei cunhas fortes dores nas tripas. Vomitei. Noto que a miña temperatura é moi alta. Teño moita sede, pero non me atopo con forzas de ir ao váter beber... Evangeline non está. Ao meu redor escoito zoar as moscas debido a que estou rodeado dos meus propios vómitos. Teño moita sede e a miña visión empeza a ser borrosa....

E, de súpeto, só escuridade...

Algunhas semanas despois... Ao meu redor escoito os lastimeiros ladridos dos meus compañeiros de encerro. Este sitio é frío, húmido e algo xusto en espazo para min... Levaba semanas preguntándome canto tempo máis tería que seguir esperando, cando esa mesma tarde, abriuse a reixa do cubil de cemento no que permanecera... Saín e atopeime con Rubén. Miroume con atención e examinou a placa que colga do meu colar e, dirixíndose a un mozo que estaba ao seu carón, dixo : *Sí, é este, é Iron*. Seguino entón ata o seu coche e quedei no asento traseiro. El virou a chave no contacto e o motor ruxiu. Virouse cara a min e acariñoume no pescozo, boteime no asento. ...

O meu nome é Evangeline, e algunha vez contareivos a miña historia.